



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E O CONSELLO DA AVOGACÍA GALEGA PARA PRESTAR UN SERVIZO DE ASESORAMENTO E ORIENTACIÓN XURÍDICA EN MATERIA DE VIVENDA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Secretaria Xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo, **DECLARA:**

Que este/ .Instituto Galego da Vivenda e Solo ten previsto formalizar co Consello da Avogacía Galega o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 11 de abril de 2016 ata o 31 de decembro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular a colaboración entre o IGVS e o Consello da Avogacía Galega, a efectos de crear os canles de información necesarios para remediar que persoas en situación de desamparo perdan a súa vivenda ou, no seu caso, consigan, ao abeiro dos programas de axuda existentes, un inmediato realoxo en vivendas a disposición da Xunta de Galicia ou o acceso ás axudas para o alugueiro de vivendas.

Así mesmo, o Convenio permitirá ofrecer aos destinatarios un servizo de mediación, de conformidade co disposto na la Ley 5/2012, de 6 de xullo, de mediación en asuntos civís e mercantís, así coma un servizo de arbitraje, nos termos regulados na Lei 60/2003, de 23 de decembro, de arbitraje, en todos aqueles supostos nos que, existindo convenio arbitral entre as partes, estas non podan acollerse ao ámbito do Sistema Arbitral de Consumo, regulado polo Real Decreto 231/2008, de 15 de febreiro.

En ningún caso considerárase incluído dentro do obxecto de este convenio as actuacións propias do servizo de asistencia xurídica gratuíta en quenda de oficio.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

É obrigación dos poderes públicos garantir o exercicio dos dereitos fundamentais recoñecidos na nosa Constitución, entre os que se atopan o dereito á defensa e a tutela xudicial efectiva, así





como promover as condicións para que a liberdade e a igualdade dos individuos sexan reais e efectivas, removendo os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude.

O IGVS é o organismo autónomo adscrito á Consellería de Infraestruturas e Vivenda encargado de realizar a política de vivenda e solo da Xunta de Galicia, co fin de garantir os dereitos constitucionais a una vivenda digna e adecuada, segundo dispón o artigo 3 da Lei 3/1988, de 27 de abril de creación do IGVS, podendo, para o cumprimento destes fins, establecer convenios con entes públicos ou privados.

O Consello da Avogacía Galega, integrado polos ilustres Colexios de Avogados da Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela, Vigo e Ferrol, ten por finalidade agrupar e coordinar os colexios integrados nel e asumir a súa representación nas cuestións de interese común perante a Xunta de Galicia e, en xeral, ante calquera organismo, institución ou persoa, física ou xurídica, en que sexa necesario para o cumprimento dos seus fins, sen prexuízo da autonomía e competencia de cada colexio.

Conforme o artigo 5.4 dos seus estatutos, entre as súas funcións atópase a de fomentar, crear e organizar institucións, servizos e actividades en relación á profesión de avogado, que teñan por obxecto a formación e perfeccionamento profesional promoción cultural, a asistencia social e sanitaria, a previsión, a cooperación e o mutualismo, o fomento da ocupación e outras actuacións convenientes, podendo establecer, para tales fins, os concertos ou acordos máis oportunos coa Administración e as institucións ou entidades que correspondan.

Como consecuencia do anterior, ambas institucións consideran conveniente colaborar en ofrecer aos cidadáns o asesoramento e orientación xurídica en materia de vivenda, que non estean comprendidas nas actuacións propias do servizo de asistencia xurídica gratuíta e quenda de oficio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 13 de abril de 2016..

